

1. TÍTULO DO PROGRAMA / AXUDA

PROGRAMA NOVA OPORTUNIDADE PARA TRABALLADORES AUTÓNOMOS (TR790A)

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerá a convocatoria pública de **axudas do programa Nova oportunidade para as persoas traballadoras autónomas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento TR790A).**

Establécese unha modalidade de axuda para as persoas traballadoras autónomas que cesaron na súa actividade e van volver emprender un negocio como persoas traballadoras autónomas e son demandantes de emprego no momento previo á nova alta como persoa traballadora autónoma. A súa finalidade é facilitar a volta á actividade económica á persoa emprendedora a quen lle foi mal no seu anterior negocio pero ten a experiencia práctica e a iniciativa de volver emprender, no mesmo ou diferente

O programa ten como apoio o bono alta Nova oportunidade para axudar a posta en marcha do novo negocio.

3. TIPOS DE APOIO

A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

De ser o caso, **publicarase mediante resolución da persoa titular da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.**

As axudas deben estar tramitadas no exercicio corrente xa que a convocatoria non é plurianual.

Se o orzamento asignado non é suficiente para pagar todas as axudas solicitadas, aplicarase como criterio de prioridade a data de presentación.

Para estes efectos, terase en conta a data en que a correspondente solicitude se presentou de acordo co previsto no artigo 7.2 desta orde.

No caso de coincidencia na data de presentación entre dúas ou máis solicitudes presentadas, a orde de prioridade virá determinada pola hora.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria.

O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa.

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

Serán beneficiarias destas axudas as persoas autónomas que teñan sido autónomas con anterioridade, que queren volver emprender, e cumpran os seguintes requisitos:

- a) *Ter causado alta no réxime especial de traballadores autónomos (RETA) ou calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, no período do 31 de outubro de 2023 ao 30 de outubro de 2024, e atoparse de alta no momento da solicitude.*
- b) *Ter a última alta no RETA antes desta nova alta, dentro dos últimos 3 anos desde a data da publicación desta orde.*
- c) *Ter cotizado anteriormente a esta nova alta polo menos durante 3 meses ininterrompidos na súa vida laboral no réxime especial de traballadores autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.*
- d) *Estar inscrita como persoa demandante de emprego nos servizos públicos de emprego con carácter previo á nova alta e carecer de ocupación efectiva, non ter contrato laboral en vigor e atoparse en tal situación na data inmediatamente anterior á de inicio da actividade laboral, mantendo a alta no RETA no momento da tramitación e durante un tempo mínimo de 24 meses desde a nova alta.*
- e) *Transcorrer un período mínimo de seis meses entre a nova alta na Seguridade Social e a anterior baixa.*
- f) *Ter o domicilio fiscal en algún concello de Galicia, con anterioridade á nova alta, e desenvolver a súa nova actividade económica ou profesional en Galicia.*
- g) *Ter iniciada a actividade con anterioridade á presentación da solicitude de subvención.*
- h) *Ter dado a baixa no imposto de actividades económicas da actividade precedente.*

As persoas traballadoras autónomas ou por conta propia poderán ser beneficiarias das axudas deste programa cando formen parte de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades sen personalidade xurídica de nova creación, sempre que as soliciten a título persoal. Neste caso, a entidade deberá estar constituída previamente á presentación da solicitude e, en todo caso, con data posterior ao 31 de outubro de 2023.

Quedan excluídas das axudas reguladas nesta orde as persoas traballadoras autónomas que xa foran beneficiarias con anterioridade desta axuda (TR790A), así como as persoas traballadoras autónomas membros de entidades de economía social e as persoas autónomas administradoras que non acrediten participación na empresa ou negocio.

Tamén quedan excluídas as persoas autónomas colaboradoras e os membros das sociedades mercantís e sociedades laborais.

5. SECTORES INCENTIVABLES

AUTÓNOMOS

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

Que as axudas se destinen aos novos proxectos empresariais de persoas traballadoras autónomas que cesaron na súa actividade previamente, e van volver emprender un negocio como persoas traballadoras autónomas, e son demandantes de emprego no momento previo á nova alta como persoa traballadora autónoma

7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

8. INVERSIÓNS E/OU GASTOS COMPUTABLES

O programa ten como apoio o bono alta Nova oportunidade para axudar a posta en marcha dun novo negocio por parte de persoas autónomas que cesaran na súa anterior actividade empresarial e que se atopen inscritos como demandantes de emprego ao solicitar estas axudas, e que deberán ser destinadas ao sufragamento dos custos de inicio desta nova actividade.

9. CONTÍA DAS AXUDAS

A axuda do bono alta Nova oportunidade será dunha contía de 7.500 € dirixida ás persoas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 4, contía que se incrementará en 500 € no caso de que a beneficiaria sexa unha muller

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia ata o 31 de outubro de 2024.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

11. INCOMPATIBILIDADES

Esta axuda será incompatible coas axudas á promoción do emprego autónomo (TR341D) convocadas para o exercicio 2023 e para o exercicio 2024 coas axudas do programa Emega (SI429A), convocadas para o exercicio 2024, coas axudas do Programa I de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais (TR802G) do programa Aprod-Economía social convocadas para o exercicio 2024, e co programa de incentivos ás IEBTs (TR340E). Programa II: fomento do acceso á condición de persoa socia (TR802J) do programa AprodEconomía social.

Pola outra banda, as axudas previstas nesta orde serán incompatibles coas axudas que polos mesmos conceptos e gastos poidan outorgar as administracións públicas, agás as outorgadas polo Igape dentro do programa Re-Acciona para o ano 2024, coas que si serán compatibles.

12. REFERENCIA LEGISLATIVA

ORDE do 28 de decembro de 2023 (código de procedemento TR790A).

13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN

O órgano instrutor dos expedientes será a **Subdirección Xeral de Emprego**.

As **Resolucións** serán ditadas polo órgano competente para resolver, por delegación da persoa titular da **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, e deberán serlles notificadas

14. OBSERVACIÓNS

Convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, a orde de prelación para a resolución das solicitudes virá determinada pola data en que se presentase a documentación completa requirida nestas bases reguladoras.

Estas **axudas están suxeitas ao réxime de minimis**

Son obrigas das persoas beneficiarias destas subvencións:

Permanecer de alta no RETA ou na mutualidade de colexio profesional durante un tempo mínimo de 24 meses desde a súa última alta como persoa traballadora autónoma, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade